



## **BANDO DA ALCALDÍA**

**DON MANUEL ANGEL OTERO LEGIDE, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Mondoñedo, por medio do presente,**

### **FAI SABER:**

O martes día 2 de febreiro saíu publicada no DOG nº 21 a resolución do 13 de xaneiro de 2021 pola que se convocan **as axudas para a adquisición de vivendas** do Plan estatal de vivenda 2018-2021 para o ano 2021. Código de procedemento VI435A;(bases que rexen esta convocatoria están publicadas no DOG do 11 de xaneiro de 2019) **para concellos de menos de 5.000 habitantes.**

### **REQUISITOS**

- Ter menos de 35 anos na data da presentación da solicitude.
- Posuír nacionalidade española ou, no caso de ser estranxeiras, ter a residencia legal en España.
- Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o IPREM. catro veces o IPREM para familias numerosas ou unidades de convivencia con persoas discapacitadas. cinco veces o IPREM para familias numerosas de categoría especial ou unidades de convivencia con persoas con graves discapacidades.
- Que se trate dunha vivenda xa construída cun prezo inferior a 100.000 €
- Que a persoa solicitante e as integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento da presentación da correspondente solicitude no caso de ter subscrito con posterioridade o 1 de xaneiro de 2021 un contrato privado ou escritura pública, nos demais casos non e preciso no momento da solicitude pero si nun prazo como máximo de 3 meses.
- Que se trate dunha vivenda xa construída admitíndose tanto as vivendas novas como usadas.
- Que a persoa solicitante e as integrantes da súa unidade de convivencia se atopen ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social.
- No suposto de adquisición da propiedade da vivenda por mais dunha persoa, cada un dos propietarios deberá cumprir os requisitos sinalados.

### **CONTÍAS**

Ata **10.800 € por vivenda (cun límite do 20% do prezo da vivenda)**

### **PRAZO DE SOLICITUDES**

**O prazo de presentación de solicitudes rematará o 1 de setembro de 2021.**

Para mais información contactar coa Oficina Municipal de Rehabilitación sita no Concello. Teléfonos: 982521402- 982524003. Email: [ofinatecnica@concellomondonedo.es](mailto:ofinatecnica@concellomondonedo.es)

O Alcalde de Mondoñedo, Don Manuel Angel Otero Legide, na data da sinatura.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)

